



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Con data 22 de decembro de 2023, dictouse Resolución da Alcaldía núm.: 2023-0803 do seguinte teor literal:

“DECRETO.-

Visto que se ten rematada a cualificación final dos aspirantes e visto o resultado emitido polo Tribunal Cualificador das probas selectivas celebradas no proceso ordinario de selección epigrafiado e cuxa acta se atopa exposta na sede electrónica do Concello de Becerreá. En dita acta figura a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente das puntuacións acadadas.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 29 de novembro de 2023 co número 2023-0763 se require á Tamara Vázquez Montes a documentación esixida nas bases.

Con data 15 de decembro, a interesada aporta dita documentación, rexistro de entrada no xeral do Concello de Becerreá nº 2686.

De conformidade coa base undécima das mentadas bases, o Alcalde nomeará funcionario aos candidatos propostos no prazo dun mes, unha vez presentada a documentación a que se refire a antedita base.

En consecuencia, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.-Nomear funcionaria de carreira da Escala de Administración Xeral, subescala auxiliar administrativo do Concello de Becerreá a:

Apelidos e nome	D.N.I.
Tamara Vázquez Montes	76576173L

ao fin de que no prazo dun mes, a contar a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, tome posesión como auxiliar administrativo do Concello de Becerreá.

SEGUNDO.- Públíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do Concello de Becerreá.

TERCEIRO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo. Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Ordénao e asínoa electrónicamente o Sr. Alcalde-Presidente.”

R. 4029

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria e urxente de data 21 de decembro de 2023, o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2024, as bases de execución e o cadro de persoal ; en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo -

polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - e disposicións concordantes, expónse ó público na secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles - que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia - a fin de que durante o mesmo, os interesados, poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as que se dirixirán ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial entenderase elevado a definitivo.

Begonte, 21 decembro de 2023.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 4001

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 21 de decembro de 2023, o expediente de modificación de créditos núm. 18 /2023, (4º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe total de Trescentos dez mil setecentos corenta e sete con oitenta e cinco (310.747,85) euros , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

No suposto de non presentarse reclamacións ao mesmo, entenderase o acordo de aprobación inicial elevado a definitivo, quedando o resumo por capítulos do Estado de Gastos do referido orzamento da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>Consignación</u> Antes deste expediente. Euros	<u>Aumentos por</u> <u>Modificación</u> <u>Créditos.</u> Euros	<u>Baixas por</u> <u>Modificación</u> <u>Créditos.</u> Euros	<u>Totada</u> <u>Consignación</u> <u>Resultante</u> Euros
1.Gtos.de persoal	1.250.522,63			1.312.077,63
2.Gtos. en bens correntes e serv.	2.124.061,00			2.309.881,00
3.Gtos.financeiros	4.400,69	61.555,00		4.400,69
4.Transf.Correntes	245.495,00	185.820,00		252.733,95
5.Fondo Contix.	0,00			0,00
6.Inversións reais	2.304.006,84	7.238,95		2.360.140,74
7.Transf.de capital	15.000,00			15.000,00
8.Activos financ.	0,00	56.133,90		0,00
9.Pasivos financ.	0,00			0,00
SUMAS TOTAIS	5.943.486,16	310.747,85		6.254.234,01

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 21 decembro de 2023.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 4002

BURELA

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE MONITOR/A TÉCNICO/A DEPORTIVO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-1262 de data 21/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Monitor Técnico/a deportivo/a, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal :

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo nº 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/2023 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “**MONITOR/A TÉCNICO/A DEPORTIVO/A**”, persoal laboral fixo, grupo C1, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditalos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

a) **PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Iván Cao Valle	***3818***	EXENTA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Mándoo e asínoo en Burela, á data que consta á marxe

Burela, 21 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018. O secretario interino”

R. 4030

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE INFORMÁTICO/A COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-1263 de data 21/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de informático/a, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal :

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía n.º 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE n.º 223 de 18/09/20223 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha (1) praza de “**INFORMÁTICO/A**”, como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

a) **PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Juan Miguel Piqueras Pena	***30715***	EXENTA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Burela, 22 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real, Decreto 128/2018. O secretario interino”

R. 4031

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE CINCO (5) PRAZAS DE COIDADORES/AS DE COMEDOR, COMO PERSOAL LABORAL FIXO DESCONTINUO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por Decreto da Alcaldía n.º 2023-1261 de data 21/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión de cinco (5) prazas de coidadores/as de comedor, como persoal laboral fixo descontinuo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal :

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo n.º 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía n.º 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE n.º 223 de 18/09/20223 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan cinco (5) prazas de “**COIDADORES/AS COMEDOR**”, persoal laboral fixo descontinuo, xornada a tempo parcial, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditalos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

a) **PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI
Raquel Bermúdez Basanta	***8094***
Genoveva Pernas Ben	***6399***
María Carmen Casas Rego	***9183***
María Dolores Pedre Pena	***9185***
Concepción Del Carmen Vázquez Mata	***2772***

b) **PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Lucía Pedrido Rodríguez	***7308***	1
María Salomé Fernández Martínez	***9354***	2
Janet Erika Márquez Guzmán	***2509***	1,2

Causas de exclusión:

1.-Non achegar certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delincuentes sexuais acreditativa de non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, o acoso sexual o exhibicionismo e provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores, así como a trata de seres humanos

2- Non acreditar estar en posesión do curso básico de primeiros auxilios.

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Mándoo e asínoo en Burela, á data que consta á marxe

Burela, 22 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real, Decreto 128/2018. O secretario interino"

R. 4032

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE TRES (3) PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-1260 de data 21/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión de tres (3) prazas de auxiliar de axuda a domicilio, como persoal laboral fixo, xornada a tempo parcial, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal :

"María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/2023 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan tres (3) prazas de “AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO”, persoal laboral fixo, xornada a tempo parcial, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Maria Elvira Cancio Paz	***0248***	NON EXENTA
Sonia Pardo Rodríguez	***3574***	EXENTA
Natalia Dorado Ortuño	***6113***	EXENTA

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN	PROBA DE GALEGO
Halima Bouizri	***7244***	2	NON EXENTA
Maria Yolanda López Fernández	***5814***	1	EXENTA

Causas de exclusión:

1.- Non acreditar o requisito sinalado na bases 6ª.3 “(...) non exceder da idade máxima e xeral de xubilación forzosa”.

2.- Non acreditar *posuír o título requirido para a praza convocada consonte ao indicado no ANEXO- I.*

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Mándoo e asínoo en Burela, á data que consta á marxe.

Burela, 22 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real, Decreto 128/2018. O secretario interino”

R.4033

CERVO

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2023

Por Decreto da alcaldía núm. 2023-1291, de 22 de decembro, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello do ano 2023, que contén os seguintes postos de traballo:

PERSOAL FUNCIONARIO:

GRUPO	SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	ACCESO
A	A1	Adm. Especial	Técnica	Técnica Sup. Economista	Promoción interna
C	C2	Adm. Xeral	Aux.administrativo	Auxiliar administrativo	Libre

PERSOAL LABORAL:

GRUPO	SUBGRUPO	DENOMINACIÓN	ACCESO
C	C2	Encargado de mecánica	Promoción interna
C	C2	Encargado de obras	Libre
AP	AP	Operario de servizos xerais	Libre

Cervo, 22 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés,

R. 4003

O CORGO*Anuncio*

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira en monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
SOFIA FERREIRO LÓPEZ	POLÍGONO 81 PARCELA 73	CORGO

O Corgo, 21 de decembro de 2023.- O alcalde, Felipe Labrada Reiña.

R. 4034

FOZ*Anuncio***APROBACIÓN DUNHA TAXA DE REPOSICIÓN ESPECÍFICA E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2023 DO CONCELLO DE FOZ**

Por Resolución de Alcaldía de data 22.12.2023 deste Concello, aprobouse unha taxa de reposición específica do cen por cen dos postos actualmente cubertos por persoal temporal, sexa este funcionario ou laboral, segundo o previsto no Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Concello de Foz para a redución da temporalidade nos exercicios 2023-2026 e o artigo 20 Dos.4 da lei de orzamentos xerais do estado 2023, xunto a Oferta de emprego público para o ano 2023 co seguinte alcance:

OEP 2023 FOZ**PRAZAS POR QUENDA LIBRE**

FUNCIONARIOS	
Denominación	N.º de Plazas
Auxiliar administrativo	1
Policía Local	1
TOTAL	2

LABORALES	
Denominación	N.º de Plazas
Limpador/a	2
Oficial	3
Coordinador lixo conductor	1
Operario servizo lixo	2
Operario/a limpeza viaria	4
Auxiliar administrativo (fixo-descontinuo xornada parcial)	1
TOTAL	13

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Foz, 22 de decembro de 2023.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 4035

Anuncio

APROBACIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE FOZ PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE 2023-2026

Por Resolución de Alcaldía de data 22.12.2023 deste Concello, aprobose Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Concello de Foz para a redución da temporalidade nos exercicios 2023-2026 que se somete a publicación:

PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE FOZ PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE 2023-2026

1. INTRODUCCIÓN.

A Constitución Española, no seu artigo 103, establece que o obxectivo fundamental da Administración Pública é servir ao interese xeral e que ese obxectivo lógrese con garantía de obxectividade e imparcialidade e con sometemento ao principio de eficacia.

Neste sentido o artigo 69 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TREBEP), determina que a planificación dos recursos humanos sempre debe ter como obxectivo *“contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos”*, que entre outras medidas, supón dimensionar adecuadamente o persoal municipal.

A modernización e mellora da Administración Pública é un obxectivo permanente necesario para dar cumprimento ao devandito mandato, que non pode alcanzarse sen unha adecuada xestión do principal activo co que conta a Administración, como é o seu persoal, para o que é necesario implementar políticas de dotación de efectivos de carácter permanente que cubran as necesidades dos distintos servizos e limiten a temporalidade á atención de necesidades conxunturais.

Iso resulta ademais do disposto pola Directiva 1999/70 CE do Consello, do 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo Marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o contrato de duración determinada, (en diante, o Acordo Marco), que destaca no seu preámbulo a preeminencia da contratación indefinida como *«forma máis común*

de relación laboral» mellorando a calidade do traballo de duración determinada e evitando os abusos derivados da utilización de sucesivos contratos ou relacións laborais de duración determinada.

Para iso a cláusula 4.^a do Acordo Marco establece a equiparación das condicións de traballo entre persoal temporal e fixo con base no principio de non discriminación, salvo existencia de causas obxectivas que xustifiquen unha diferenza no réxime xurídico de ámbalas clases de persoal e a cláusula 5.^a do Acordo Marco prevé a adopción de medidas destinadas a evitar a utilización abusiva de contratos ou relacións laborais temporais.

Para reducir a temporalidade nas Administracións públicas e como consecuencia dos Acordos asinados entre o Goberno de España e as Organizacións Sindicais máis representativas no ámbito da Administración Pública, contempláronse na Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado, para o ano 2018, senllos procesos de estabilización e consolidación.

E por último a Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público deseñou un conxunto de medidas de reforma da figura do funcionario interino, unha serie de procesos de estabilización co obxectivo de que a taxa de cobertura temporal se sitúe por baixo do oito por cento das prazas estruturais.

Anudado a este obxectivo a Lei 31/2022 do 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, dispuxo no seu artigo 20.Dous apartado 4 que se poderá autorizar, con carácter extraordinario, unha taxa específica para dar cumprimento do obxectivo previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que a temporalidade no emprego público non supere o 8 por cento das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que veña xustificado de acordo co instrumento de planificación plurianual con que deberá contar.

Por outra banda, o estudo do persoal municipal lanza os seguintes datos:

PLAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIO	PLAZAS PROVISTAS POR FUNCIONARIO INTERINO	% TEMPORALIDADE
24	5	20,83%

PLAZAS RESERVADAS A PERSOAL LABORAL	PLAZAS PROVISTAS POR PERSOAL LABORAL TEMPORAL	% TEMPORALIDADE
67	36	53,73%

Resulta por tanto necesario abordar un conxunto de medidas que permitan tanto a redución da temporalidade como a adecuada substitución e substitución dos empregados públicos do persoal municipal.

2. ANTECEDENTES.

De conformidade co artigo 69.2.e) do TREBEP, onde se contempla a posibilidade que as Administracións Públicas prevexan a incorporación de recursos humanos a través das súas Ofertas de emprego público, de acordo co establecido no artigo 70 da mesma norma e co obxectivo de cumprir coa esixencia legal de que a taxa de temporalidade no Concello de Foz se sitúe por baixo do 8%, é necesaria a redacción e aprobación do presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos para contar así cun instrumento adecuado para a correcta planificación dos seus recursos humanos en orde a lograr o devandito obxectivo.

O artigo 19.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, que estableceu que *“as Administracións ademais da taxa resultante do apartado Uno.2 e 3, poderán dispoñer dunha taxa adicional para estabilización de emprego temporal que incluírá ata o 90 por cento das prazas que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016”*, establecendo no seu inciso final que *“as administracións públicas, poderán dispoñer nos exercicios 2017 a 2019 dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal daquelas prazas que, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estean dotadas orzamentariamente e, dende unha data anterior ao 1 de xaneiro de 2005, viñesen estando ocupadas ininterrompidamente de forma temporal”*.

O artigo 19. Un da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, dispuxo no seu apartado 9 que *“ademais do establecido no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017 nos seguintes sectores e colectivos: persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica así como outros servizos públicos. Nas Universidades Públicas, só estará incluído o persoal de administración e servizos.*

As ofertas de emprego que articulen estes procesos de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos Diarios Oficiais nos exercicios 2018 a 2020 e serán coordinados polos Departamentos ministeriais competentes”.

Por Decreto de Alcaldía nº 2022-1056 de 27.12.2022, aprobaronse en execución da Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público a Oferta de Emprego Público que articula os procesos de Estabilización de Emprego Temporal da Lei 20/2021 do 28 de decembro, no ámbito do Concello de Foz, as bases xerais dos procesos de estabilización, sendo aprobadas na mesma data as bases específicas mediante os decretos de alcaldía 1052; 1053 e 1054.

Conforme aos datos obrantes a data 14.12.2023 no Concello de Foz, e de acordo coa plantilla que acompaña ao Orzamento deste Concello para 2023, a taxa de temporalidade, entendida como o % de emprego temporal con respecto ao número total de postos ocupados, tal e como xa foi exposto, alcanza o 20,83 % no ámbito do persoal funcionario e o 53,73% no ámbito do persoal laboral.

3. MARCO LEGAL.

- a. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- b. Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- c. Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- d. Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017. h. Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.
- e. Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- f. Lei 31/2022 do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.
- g. Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- h. Real Decreto Legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

4. ALCANCE

O presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Concello de Foz non supoñerá necesariamente un incremento do gasto debido a que, por unha banda a estabilización de emprego temporal soamente, articula o procedemento para a cobertura definitiva de prazas de natureza estrutural que están a ser ocupadas por empregados públicos temporais, o que non implica aumento real do gasto.

Ademais, o resto de medidas que se contemplan van dirixidas a dar cumprimento ás disposicións legais vixentes sobre o emprego temporal e a deseñar unha estratexia de utilización dos nomeamentos temporais que non eleve a taxa de temporalidade por encima do 8% e sexa compatible coa lexislación aplicable.

As medidas destinadas á substitución dos empregados públicos que van xubilarse nos próximos anos tampouco deberán supoñer necesariamente incremento do gasto xa que os empregados públicos que se xubilan adoitan ter unhas retribucións superiores aos que lles substitúen, por efecto da antigüidade.

Por último as medidas destinadas a permitir a implantación ou ampliación de novos servizos aínda que si que conleven incremento de gasto temos que entender que resultan imprescindibles de acordo ao disposto no artigo 126.2.b) do Real Decreto Legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, tal e como vén sendo contemplado polas distintas Leis de Orzamentos Xerais do Estado (Por exemplo, o artigo 20.tres apartado 4, letra f) da Lei 31/2022 do 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado)

5. MEDIDAS

5.1 PROCESOS DE ESTABILIZACION

De conformidade co disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, en desenvolvemento do Decreto de Alcaldía nº 2022-0380 de data 04.05.2022, polo que se aprobou a Oferta de Emprego Público que articulan os procesos de Estabilización de Emprego Temporal en execución das convocatorias para a provisión de prazas que desenvolven a mesma, o Concello de Foz procederá a resolver os citados procesos selectivos conforme ás bases que foron aprobadas e publicadas.

No momento de aprobación do presente plan restan por finalizar os procesos de estabilización, publicados no BOE nº 47 de 24.02.2023.

Este procedemento extraordinario e único, por dispoñelo así a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público deberá finalizar antes do **31 de decembro**

do 2024 por imperativo legal, pero a vontade deste Concello é resolvelo no menor prazo posible polo que as ditas prazas non se incluírán na OEP 2023.

5.2 OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E OUTRAS MEDIDAS.

A) OFERTAS DE EMPREGO.

Co obxectivo de reducir a taxa de temporalidade por baixo do 8,00 % e en aplicación do presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos, o Concello de Foz, incluírá na súa Oferta de Emprego Público, sempre que a lexislación o permita e non computen para os efectos da taxa de reposición, aquelas prazas que estando incluídas na plantilla contén co correlativo posto na vixente relación de postos de traballo, e se atopen vacantes sendo ocupadas de forma temporal por estimarse que era necesaria a súa cobertura por funcionario interino o persoal laboral temporal.

Tamén se incluírán prazas vacantes cando existan nomeamentos temporais que denoten a existencia de necesidades estruturais ben polo seu propio carácter ou ben pola reiteración na utilización de nomeamentos temporais para cubrir as devanditas necesidades, diferenciando as mesmas a efectos do cálculo da taxa de reposición, das que se computen como consecuencia da taxa de reposición de efectivos ordinaria.

O volume de prazas ofertadas deberá permitir a redución da taxa de temporalidade por baixo do 8% durante o período de vixencia deste plan de ordenación, debendo tenderse a unha porcentaxe de temporalidade o máis baixo posible que dadas as dimensión desta administracións podería chegar a ser do 0%.

As ofertas incluírán as prazas necesarias para facilitar a adecuada reposición dos empregados públicos que accedesen á xubilación e así mesmo no caso de implantación, xa que logo cunha taxa de temporalidade do 0% ou preto do mesmo, non será difícil lograr a ordinaria taxa de reposición de efectivos sempre que a mesma se manteña en torno ao 100%.

B) PROCESOS SELECTIVOS:

O Concello de Foz convocará os procesos selectivos para a execución da Oferta Pública de Emprego nos tres anos naturais seguintes a aquel no que se aproben estas de conformidade co previsto no artigo 70 do TREBEP, coincidindo coa vixencia do presente plan..

C) NOMEAMENTOS TEMPORAIS.

- FUNCIONARIOS.

O Concello de Foz limitará os nomeamentos temporais por interinidade a aqueles supostos nos que as razóns de urxencia e necesidade debidamente acreditadas, fagan necesaria a utilización desta figura ben para cubrir prazas vacantes ou ben para a substitución transitoria dos titulares, e sempre de acordo co vixente regulación do TREBEP así como da LEPE..

Os nomeamentos por programas ou figuras equivalentes serán utilizados de forma excepcional, previa xustificación da súa necesidade e condicionaranse a que a taxa de temporalidade non supere o 8% tendo en conta a duración prevista dos mesmos.

- LABORAIS.

A recente aprobación do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, veu a supoñer un cambio radical no réxime da contratación temporal neste país, pasando a ser configurada de forma moi limitada no seu alcance, o que ten incidencia directa nas administracións locais cando actúen como empregador.

O Rdelei 32/2021, de 28 decembro, modificou o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores para xeneralizar a contratación indefinida e limitar a temporalidade.

A reforma aborda as causas que xustifican o recurso á contratación de duración determinada, limitadas ás circunstancias da produción; á substitución de persoa traballadora; contratos no marco dos fondos NextGeneration ou ben dentro da disposición adicional novena do texto refundido da lei de emprego, suprimindo os contratos para obra ou servizo determinado e establecendo as novas regras sobre concatenación de contratos, tamén referidas á cobertura dun posto de traballo. Establécese tamén unha nova regulación dos contratos formativos e dos contratos fixos discontinuos. Ademais, no sector da construción régúlase o novo contrato indefinido adscrito a obra.

No ámbito das Administracións Públicas, esta norma debe harmonizarse coas disposicións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, con incidencia sobre o *Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público*, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como na *Lei 7/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia*, o título VII da *Lei 7/1985, de 2 de abril*, reguladora das bases do réxime local e restante normativa concordante.

Consonte a nova redacción do *artigo 15.1 do ET a contratación laboral presúmese sempre e en todo caso indefinida*, o que resulta de especial interese, xa que calquera contratación temporal que se poda presumir en fraude de lei dará lugar en opinión do agora informante a a espera do pronunciamento dos nosos tribunais, á transformación do contrato en indefinido-non fixo con independencia da duración inicial de dito vínculo contractual.

Á vista da realidade xurídica descrita, o concello de Foz ven de modificar a súa relación de postos de traballo, así como, a súa platilla para crear os postos e prazas de natureza fixa descontinua propias dos servizos que presta, en concreto os de socorrismo e de información turística. Dito o anterior, non será infrecuentes para atender a demandas derivadas de baixas laborais ou outras contixencias, que esta administración deba acudir á contratación laboral temporal por substitución, así como, no seu caso as contratacións de persoal laboral temporal financiadas con fondos europeos ou realizadas en execución de programas de fomento do emprego, sendo preciso que esta clase de contratacións sexa o máis limitada posible a fin de evitar unha repentina subida da taxa de temporalidade desta administración.

6.CUSTOS ECONÓMICOS.

O Plan de Ordenación de Recursos Humanos elaborado polo Concello de Foz, como instrumento necesario para dar cumprimento ás obrigacións legais en materia de consolidación e estabilización do emprego temporal, eliminación da figura do indefinido non fixo e reducir a taxa de temporalidade a niveis adecuados, non debe supoñer un incremento orzamentario para o Concello, ao ofertarse prazas que xa veñen sendo obxecto de cobertura.

7.VIXENCIA.

O presente plan conta cunha vixencia prevista de tres anos, en lóxica coherencia co prazo de execución das ofertas de emprego público previsto no artigo 70 do TREBEP.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Foz, 22 de decembro de 2023.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 4036

GUITIRIZ

Anuncio

NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DA POLICIA LOCAL

Mediante resolución de XGL de data 13/12/2023 acordou por unanimidade:

Nomear don David Liñares Martínez con DNI: 53304189X como funcionario de carreira do corpo de Policía Local do Concello de Guitiriz dentro da escala da Administración especial subescala de servizos especiais , case (Grupo C, Subgrupo C1) , ao superar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de Policía local , escala básica, convocado pola Orde o 26 de xullo de 2022 e o curso selectivo para o acceso a categoría de policía dos corpos de policía local de Galicia.

Guitiriz, 22 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 4037

LOURENZÁ

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a **DEFINITIVO** o Acordo Plenario de data 10 de outubro de 2023 sobre a **“APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBÁNS”** publicado no B.O.P. Núm. 254 o día 6 de novembro de 2023, cuio texto íntegro se fai público en

cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“7.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao prevenido no art. 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1.- Constitue o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de basuras domiciliarias e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto, considéranse basuras domiciliarias e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita a Taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte dos seguintes servizos:

- a. Recollida de basuras e residuos non calificados de domiciliarias e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b. Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c. Recollida de escombros de obras.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, calles ou vías públicas no que se presente o servizo, xasexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Responsable.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Exencións.

Gozarán de exencións suxetivas aqueles contribuíntes que foran declarados pobres por precepto legal, estén inscritos no Padrón de Beneficencia como pobres de solemnidade e obteñan ingresos anuais inferiores ós que corresponda ó salario mínimo interprofesional.

Consideraranse exentas as edificacións aisladas de núcleos de poboación no medio rural ou que estén a máis de 500 metros ó punto de percorrido do vehículo; e as que reúnan ambas características.

Artigo 6º.- Cuota tributaria.

1.- A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se terminará en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría do lugar, praza, calle ou vía pública onde estén ubicados aqueles.

2.- A tal efectos, aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTO ANUAL

Epígrafe 1º.- Vivendas.

Por cada vivenda

120,81.-

(Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas.)

Epígrafe 2º.-Aloxamentos.

A).-Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos de cinco e catro estrelas, por cada praza	323,61.-
B).- Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos de tres e dúas estrelas, por cada praza	323,61.-
C).- Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos e hostais de unha estrela, por cada praza	323,61.-
D) Pensións e casas de hóspedes, centros hospitalarios, Colexios e demais centros de natureza análoga, por cada Praza	161,83.-

(Enténdese por aloxamento aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis, pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga, sempre que excedan de dez prazas.)

Epígrafe 3º.-Establecementos de alimentación.

A) Supermercados, economatos e cooperativas	324,24.-
B) Almacenes ó por maior de froitas, verduras e hortalizas	324,24.-
C) Pescaderías, carnicerías e similares	161,83.-

Epígrafe 4º.-Establecementos de restauración.

A).- Restaurantes	323,43.-
B).- Cafeterías	161,83.-
C).- Whisquerías e pubs	161,83.-
D).- Bares	161,83.-
E).- Tabernas.	97,87.-

Epígrafe 5º.-Establecementos de espectáculos.

A).- Cines e teatros	195,77.-
B) Salas de festas e discotecas	195,77.-
C).- Salas de bingo	195,77.-

Epígrafe 6º.-Outros locais industriais ou mercantis.

A).- Centros oficiais	161,83.-
B).- Oficinas bancarias	161,83.-
C).- Grandes almacéns e establecementos	195,77.-
D).- Demais locais non expresamente tarifados	195,77.-
E).- Pequenos locais de negocios non expresamente Tarifados	161,83.-

Epígrafe 7º.- Despachos profesionais.

Por cada despacho	161,83.-
-------------------	----------

(No suposto de que a oficina ou establecemento se encontre ubicado nalgunha vivenda, sen separación, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do epígrafe 1º)

Epígrafe 8º.-Vivendas no medio rural.

Por cada vivenda	96,65
------------------	-------

3.- As cuotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a doce meses.

4.- Anexo a esta Ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas deste Municipio con expresión da categoría que corresponda a cada unha delas.

5.- As vías públicas que non aparezansinaladas no índice alfabético serán consideradas de última categoría, permanecendo calificadas así ata o un de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se aprobe polo Pleno desta Corporación a categoría correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

Artigo 7º.- Devengo.

1.- Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de basuras domiciliarias, nas calles ou lugares donde figuren as vivendasoulocais utilizados polos contribuintessuxeitos á Taxa.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cuotas devengarase o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da Taxaproduxerase con posterioridade a dita data, en ese caso a primeira devengarase o primeiro día do trimestre seguinte.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso.

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cuota do primeiro trimestre.

2.- Cando se conoza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquer variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo en ésta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte á data en que se efectuase a declaración.

3.- O cobro das cuotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ásmesmas correspondan en cada caso, estaraseódisposoto nos artigos 77 e seguintes da LeiXeral Tributaria.

Disposición Adicional Primeira.- Nos exercicios en que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, establezaunha bonificación do 15% no canon unitario de SOGAMA e o Concello de Lourenzá deba trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, estableceraseunha bonificación no importe da tarifa do cuarto trimestre equivalente a dita bonificación.

Disposición Adicional Primeira.- Cando se produzan situación catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia. O Alcalde-sa será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes. Cando existan concesiónsou contratos de servizos, comunicarseáas empresas adxudicatarias para que non efectúen a facturación, asumindo o pago o concello, en concepto de subvención, coobxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

Disposición Adicional Segunda.- En consonancia coa Disposición Adicional Primeira, durante o presente ano 2020, aquelas persoas físicas ouxurídicas así como as comunidades de bens, sociedades civísououtras entidades económicas senpersonalidadexurídica, legalmente constituídas e cuiaactividadedesenvolvada se vira afectada polo peche do seuestablecemento en virtude do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, quedarán exentos do pago do SEGUNDO TRIMESTRE/20 da taxapola prestación do Servizo de Recollida de Lixo e Residuos Sólidos Urbanos.

Disposición Adicional Terceira.- Durante o presente ano 2020, aquelas persoas físicas ouxurídicas así como as comunidades de bens, sociedades civísououtras entidades económicas senpersonalidadexurídica, legalmente constituídas e cuiaactividadedesenvolvada se vira afectada polo peche do seuestablecemento en virtude do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, teránunha bonificación do 80% nos importes correspondente da Taxapola prestación do servizo de Recollida de Lixo e Residuos Sólidos Urbanos e para os períodos do TERCEIRO E CARTO TRIMESTRE/20."

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal, a que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinteito de setembro de mil novecentosoitenta e nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A presente Ordenanza fiscal foi modificada na sesión plenaria de 21/05/20 coa introducción das DisposiciónsAdicionaisPrimeira, Segunda e Terceira."

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña.

Lourenzá, 21 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 4005

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2023, adoptou entre outros o acordo 7/928, polo que se acorda delegar as competencias na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Sostibilidade e Recursos Internos a adopción dos actos de trámite e resolutivos dos expedientes de contratación en tramitación así como dos actos de aprobación de prórrogas dos contratos coa finalidade de que estas decisións se adopten antes do 31 de decembro de 2023; transcorrido o cal non será de aplicación a dita delegación. Non queda afectado por este acordo o réxime de delegación actual nos casos de procedementos abertos simplificados abreviados nin outros acordos de delegación que se tiveran adoptado.

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 20 de decembro de 2023.- CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA, Mercedes Paula Lavarellos Fondo.

R. 4006

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA NOVIEMBRE 2023

Por Xunta de Goberno Local do día 04.12.2023 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos

Escolas Música e Danza do mes de outubro de 2023.

De acordocodispuesto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Leixeral tributaria, notificase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público un prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordoco artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a

contardende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordocodispuesto no artigo 62.3 da Leixeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 19.12.2023 ata o 19.01.2024.

Advértese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 20 de decembro de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 4007

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 380/2023, de 1 de decembro de 2023, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de NOVENBRO de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil cento trinta euros con sesenta e cinco céntimos (4.130,65 €), correspondendo mil oitocentos oito euros con trinta e cinco céntimos, (1.808,35 €) a dependencia e dous mil trescentos vinte e dous euros con trinta céntimos (2.322,30 €) a libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 1 de decembro de 2023.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 4008

PARADELA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Paradelas do 29 de setembro de 2023 de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construción, Instalación e Obras.

O texto íntegro da modificación da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Artigo 1. Fundamento e natureza.

De conformidade co establecido no art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril e arts. 2.1.b, 15 a 19, 59.2 e 100 a 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece o imposto sobre construción, instalación e obras no Concello de Paradelas.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible de este tributo indirecto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación e obra para a que se esixa obtención da correspondente licencia de obras ou urbanística, téñase obtido ou non dita licencia, sempre que a súa expedición corresponda ó Concello de Paradela.

Artigo 3. Obriga de contribuír.

A obriga de contribuír nace dende o momento en que se inicie a construción, instalación ou obra, aínda cando non se teña obtido a correspondente licencia.

Artigo 4. Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos e obrigados ao pago do imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación u obra quen soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

2.- Terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

Artigo 5. Base imponible.

A base imponible do imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación u obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custe de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible os conceptos a que se refire o art. 102 parágrafo segundo do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (BOE nº 59, de 09/03/04), que non integren, estritamente, o custe de execución material.

Artigo 6. Cota tributaria.

A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

O tipo de gravame será o seguinte:

- Construcións, instalacións ou obras cun custe de execución material ata 1.000.000,00 €: 2,50 %
- Construcións, instalacións ou obras cun custe de execución material a partir de 1.000.000,01 €: 3,50 %

Artigo 7. Xestión tributaria do imposto.

A existencia do imposto realizarase en réxime de autoliquidación, que se practicará polo suxeito pasivo no momento de presentación da solicitude de licencia de obras ou urbanística na que figurará o custe de execución material da construción, instalación ou obra.

Non obstante, cando se conceda a licencia preceptiva ou cando, non tendo solicitado, concedido ou denegado aínda dita licencia preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, a determinación da base imponible realizarase en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que houbera sido visado polo colexio oficial correspondente cando constituía un requisito preceptivo.

Finalizada a construción, instalación u obra, e tendo en conta o custe real e efectivo, o Concello mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva, esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Artigo 8. Bonificacións.

Establécense as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto:

- O 95% naquelas construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.
- O 95% (o máximo legal permitido) a todas as empresas e industrias que se instalen o inicien a súa actividade no Polígono Industrial de Paradela, nun período de catro anos (a contar dende o 1 de xaneiro de 2024), do importe do imposto de construción da correspondente nave industrial. As empresas e industrias accederán á bonificación, previa solicitude da mesma e previa aceptación dun compromiso de mantemento da actividade por un período mínimo de 2 anos despois e finalizar a construción nun prazo máximo de 5 anos. O Concello será o encargado de velar polo cumprimento desde compromiso e reclamará a cantidade bonificada a aquelas empresas ou industrias que incumpriran as súas obrigas.

Artigo 9. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, estarase o que dispón o Título IV da Lei Xeral Tributaria e demais normas tributarias de aplicación..

Disposición Final.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación"

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Paradela, 21 de Decembro de 2023.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 4009

Anuncio**Aprobación definitiva Ordenanza reguladora para a concesión de axudas por nacemento ou adopción de menor**

O Pleno do Concello de Paradela en sesión ordinaria celebrada o 28.09.2023 aprobou inicialmente a ordenanza reguladora para a concesión de axudas por nacemento ou adopción de menor no Concello de Paradela.

Con data 07.10.2023 publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 231 anuncio da súa aprobación inicial e sométese a información pública por prazo de trinta días hábiles. Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición e información pública, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo inicial adoptado.

Faise público o seu texto íntegro para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

"ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN NO CONCELLO DE PARADELA.-

Art. 1.- Fundamento.- *A presente Ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o art. 2 e o art. 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, outorga a este Concello. O artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, establece que os Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Concello considera de interese público o apoio as familias, circunscribíndose, dentro do mesmo o fomento da natalidade ou adopción. Este é o fundamento e o fin da presente ordenanza que pretende incentivar os novos nacementos de fillos de familias que residan no termo municipal.*

Art. 2.- Obxecto.- *O obxecto desta Ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento da natalidade e da adopción neste Concello, coa finalidade de axudar a fixar poboación dentro do termo municipal.*

Art. 3.- Natureza da axuda.- *As axudas que se outorguen conforme á presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ao establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

Art. 4.- Beneficiarios.- *Serán beneficiarios das subvencións rexidas pola presente ordenanza: a) Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias mono parentais, que vaian ter fillos.*

b) Os adoptantes de nenos menores de 18 anos.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario o proxenitor que teña a custodia do fillo/a.

Art. 5.- Requisitos para a concesión da subvención.- *Dará lugar ao recoñecemento da axuda, cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice por los beneficiarios sinalados no artigo anterior a partir de 1 de xaneiro de 2024.*

Para elo será requisito imprescindible, que residan no Concello con carácter efectivo e acreditados neste Concello polo menos dous anos de antigüidade un dos proxenitores, ou adoptantes, no caso de casados ou

parellas de feito, ou no seu caso de familias monoparentais. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e inscrición no padrón de habitantes, así como o libro de familia.

O menor recién nado ou adoptado, terá que ser empadroadado por primeira vez neste concello e convivir cos solicitantes no mesmo enderezo. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e inscrición no padrón de habitantes. No caso de que algún dos proxenitores se atope traballado no estranxeiro ou noutra comunidade, non figurando empadroadado neste concello, deberá acreditarlo con copia do correspondente contrato de traballo.

Será requisito para o pago efectivo da axuda, que as persoas beneficiarias sinaladas nos apartados anteriores continúen residindo no Concello, e que en todo caso, o recién nado fora empadroadado por primeira vez no Concello. No caso de adopción, que no prazo dun mes a contar dende a resolución xudicial, sexa inscrito no padrón, así mesmo no enderezo do adoptante.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou si a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios coa Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Paradela, cuestión esta última que será comprobada de oficio polo propio Concello.

Art. 6.- Contía das axudas e imputación do gasto.- Cada nacemento que teña lugar, ou cada adopción que se formalice cumprindo os requisitos sinalados nesta ordenanza, será obxecto dunha axuda de 1.000,00 €. Ademais engadirase un lote de produtos de primeira necesidade, por un valor máximo de 200,00 €. Considerarase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor de garda e protección do menor e os fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no enderezo familiar ata a data da solicitude.

Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. No caso de partos múltiples terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo. No caso de adopción de máis dun menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento. O Concello anualmente no seu orzamento, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas á natalidade. A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica, que se creará no orzamento xeral do Concello, cuxa existencia vincularase á aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto no crédito de xeito adecuado e suficiente para a súa efectividade. Non obstante o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou diminuír o importe global e en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

Art. 7.- Procedemento de concesión.- As axudas solicitaranse ao Sr. Alcalde- Presidente, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, dentro dos meses seguintes ao nacemento ou adopción. Deberá presentarse conforme ao modelo que figura como anexo na presente ordenanza, no que expresamente se declarará que se cumpre con tódolos requisitos establecidos na presente ordenanza. Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do DNI, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario/a dos proxenitores.
- b) Fotocopia do libro de familia.
- c) Certificado de nacemento do recién nacido expedido polo Rexistro Civil, no caso de nacementos.
- d) Copia autenticada da resolución xudicial no caso de adopción.
- e) Certificado de empadramento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Concello alomenos dous anos, dun dos proxenitores, así como de inscrición no padrón de habitantes dos beneficiarios co recém nacido ou adoptado/a. Indicarase a data de empadramento do recém nacido e a causa de inscrición. Engadirase unha declaración, na que conste o compromiso de continuar empadroadado durante un ano mais, salvo causas que xustificasen o cambio.
- f) Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade separación ou divorcio no seu caso.
- g) Certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social ou autorización ao órgano municipal competente no seu caso. No Concello comprobarase de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.
- h) Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
- i) Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

Será instrutor do expediente a Concellería competente en materia de Servizos Sociais. Si a solicitude non reúne tódolos requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá á/ao interesada/o para que os emende no prazo máximo de dez días, indicándolle que se non o fixera aterase por desistida/o da súa solicitude, previa Resolución que deberá ditarse nos termos previstos na Lexislación Reguladora de Procedemento Administrativo.

A través do instrutor do expediente e unha vez completada a documentación formularase a correspondente proposta de resolución, debidamente motivada. As axudas concederanse pola Xunta de Goberno Local. As resolucións ou acordos de concesión da axuda faranse por orden cronolóxica de solicitude soamente poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

- b) Non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda.
- c) Presentar a solicitude fora do prazo establecido na Ordenanza.
- d) Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.

As solicitudes resolveranse no prazo máximo de 3 meses a contar dende a data de presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo sen que se houbera notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimado a solicitude de concesión por silencio administrativo.

Art. 8.- Abono das axudas.- O pago da axuda concedida efectuarase do seguinte xeito:

- a) O lote de produtos de primeira necesidade entregárase, nun primeiro momento, despois do nacemento do neno/a, con dereito á obtención da axuda.
- b) Un pagamento do 75% da axuda concedida mediante transferencia bancaria á conta que indicara o beneficiario da solicitude, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.
- c) Un pagamento do 25% da axuda cando se acredite a residencia efectiva de un ano desde o nacemento ou adopción.

Art. 9.- Compatibilidade das axudas.- As presentes axudas serán compatibles con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos.

Art. 10.- Deberes dos beneficiarios.- A presentación de solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención. Os beneficiarios están obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presentes bases.

Art. 11.- Responsabilidades.- Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda, ou no seu caso de ter percibida xa a mesma, á devolución cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

Art. 12.- Reintegro das Axudas.- O incumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases implica o reintegro das axudas concedidas. No caso de non cumprir co disposto, no referente a permanecer un ano máis empadroadado, desde o nacemento ou adopción, dará lugar ao reintegro da axuda. No caso de causas xustificadas para elo, o reintegro limitárase ao 50% da axuda concedida.

O réxime xurídico do reintegro das axudas, será o establecido no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Art. 13.- Infraccións e Sancións.- Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Art. 14.- Réxime Xurídico.- A normativa que regula a concesión das axudas á natalidade, no que non estea previsto nestas bases, será a establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Deberá esperarse a que conclúa a tramitación e aprobación definitiva do expediente de modificación da Ordenanza, de conformidade coa normativa de aplicación, para o devengo da axuda, no caso de que o nacemento ou adopción fose de data anterior á conclusión do mesmo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello, entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo previsto no art. 62.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 do devandito texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I**SOLICITANTE**

Nome	Apelidos	DNI	Teléfono

DIRECCIÓN PARA NOTIFICACIÓN

Rúa/Lugar	Número	Parroquia	Correo electrónico

DATOS DO FILLO

Nome	Apelidos	Data de nacemento

DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:

o Copia compulsada de N.I.F., pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario/a dos proxenitores.

o Fotocopia do libro de familia.

o Certificado de nacemento do recién nado expedido polo Rexistro Civil

o Copia compulsada da resolución xudicial no caso de adopción.

o Certificado de empadramento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Concello durante alomenos dous anos dun dos proxenitores, así como de inscrición padroal dos beneficiarios co recién nacido ou adoptado, indicando a data de empadramento do recém nacido e a causa de inscrición. Engadirase unha declaración, na que conste o compromiso de continuar empadornado durante un ano mais, salvo causas que xustificasen o cambio

o Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.

o Certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización do órgano municipal competente no seu caso. O Concello comprobará de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.

o Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.

o Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que cumpre con tódolos requisitos establecidos na Ordenanza Municipal do Concello de Paradelas, Reguladora da Concesión de Axudas para o Fomento da Natalidade do Concello de Paradelas, aprobada polo Pleno do Concello, para poder obter as axudas reguladas na mesma.

Paradelas, a _____ de _____ de _____."

Paradela, 21 de decembro de 2023.- O ALCALDE – PRESIDENTE, José Manuel Mato Díaz.

R. 4010

A PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 16 de novembro de 2023 aprobou inicialmente a modificación do Anexo de subvencións nominativas do exercicio 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 169 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais someteuse o expediente a trámite de información pública polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia (BOP n.º 271, do 25 de novembro de 2023), para que los interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran oportunas, durante o dito prazo de información pública non se presentaron alegacións nin reclamacións, polo que se considera a aprobado definitivamente o acordo o que se fai publico aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, quedando o anexo de subvencións nominativas modificado incluíndo a seguinte subvención:

Denominación do perceptor	Actividade subvencionada	Clasificación programas	Clasificación económica	Contía
CEIP “O SALVADOR”	PROGRAMA EDUCATIVO “SOSTENIBILIDADE, SAÚDE E DEPORTE NO MEDIO RURAL”	326	480.00	3.000,00

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por sí soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

A Pastoriza, 21 de decembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 4011

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

O Pleno deste concello, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2023, aprobou o acordo regulador dos prezos públicos polas actividades económicas da Fundación municipal “TerrEo”, cuxo texto íntegro faise público para os efectos de xeral coñecemento.

Ribeira de Piquín, a 26 de decembro de 2023. O Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

“ACORDO REGULADOR DOS PREZOS PÚBLICOS POLA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO

O Concello de Ribeira de Piquín é un concello que conta cunha poboación de dereito de 495 habitantes (Última cifra oficial a 01/01/2023), seguindo a tónica dos municipios de interior cunha perda constante de poboación, acrecentada nas zonas de montaña, perdendo poboación dende fai máis de dúas décadas. En cifras, a poboación do municipio en 2002 era de 842 habitantes, cerrando 2022 con 495 empadroados, o que supuxo unha diminución de 342.

A consecuencia deste cambio nas cifras de poboación é que a actual estrutura territorial, demográfica e social, en xeral de todo o país, se caracteriza polos seus fortes desequilibrios internos, a desigualdade de feito para facer efectivas as expectativas persoais e profesionais da cidadanía, a dispersión territorial e as disparidades de desenvolvemento e benestar, o que conleva inexorablemente ao aumento da vulnerabilidade territorial. Unha vulnerabilidade territorial caracterizada pola existencia de obstáculos adicionais para o desenvolvemento económico e o benestar social, en especial debido a un elevado nivel de envellecemento, un reducido número de poboación xoven, unha perda de poboación de forma continuada ao longo de varios

anos, unha pirámide de poboación descompensada, un reducido número de mulleres en idade de ter fillos e, polo tanto, favorecer o reemprazo xeracional, un elevado nivel de dispersión que dificulta a comunicación e a ausencia ou carencia nun radio cercano dos servizos básicos máis esenciais.

Esta realidade apunta á urxencia de desenvolver unha política planificada, integrada e coordinada para a revitalización social, económica e medioambiental destas zonas.

En aras a conseguir os obxectivos plantexados, o Concello de Ribeira de Piquín creou no ano 2020 a Fundación municipal TerrEo. Trátase dunha entidade sen fins de lucro que desenvolve actividades económicas relacionadas coa agricultura, a gandería e a acuicultura, revertendo os seus ingresos para dar cumprimento aos fins e obxectivos fundacionais, que n son, entre outros, a posta en valor e o aproveitamento do patrimonio, co fin de fomentar o desenvolvemento rural e impulsar a economía local e a creación de emprego en Ribeira de Piquín e a súa contorna, contribuíndo a frear a despoboación do municipio; así como deseñar, promover e realizar, de forma directa ou concertada, programas e actuacións de promoción económica e fomento do emprego e todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que o Concello de Ribeira de Piquín leve a cabo, ou teña previsto desenvolver no futuro, no marco da súa política de promoción e desenvolvemento económico e empresarial, e de emprego.

Para o cumprimento deste fin a Fundación municipal TerrEo está a desenvolver actividades económicas como a explotación dunha piscifactoría de troita arco iris, recuperando as instalacións e o funcionamento da mesma, e procedendo á cría e engorde de troita a partir de ovas embrionadas.

Outra das actividades que desenvolve a Fundación é a explotación de gando porcino de tronco celta, en terreos do Monte de Mestre, coa finalidade de recuperar esta raza autóctona aproveitando superficies de terreo infrutilizadas para a produción de carne e ó mesmo tempo, contribuír á limpeza e prevención de incendios en franxas de monte.

Artigo 1. Natureza, obxecto e fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como, o disposto na Lei 8/1989, de 13 de abril, de Tasas e Prezos Públicos, este Concello de Ribeira de Piquín establece os prezos públicos pola realización das actividades económicas da Fundación municipal TerrEo, que se rexirán pola presente ordenanza e cuxas normas atenden ao previsto no citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

Artigo 2. Feito impositivo

Os prezos públicos a que se refire este acordo regulador esixiranse pola realización das actividades económicas que desenvolve a Fundación municipal TerrEo.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados no presente acordo as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, con o usen ánimo de lucro, que adquiren os produtos a que se refire este acordo regulador.

Artigo 4. Tarifas

Para os efectos de determinar os prezos aplicables aos produtos xerados polas actividades da Fundación municipal TerrEo diferenciaranse os seguintes:

a) PISCIFACTORÍA

CANTIDADE DE PRODUCTO	PREZO (IVE incluído) (10%)
0-10 KG	10 €/KG
11 KG – 25 KG	9 €/KG
26 KG – 100 KG	8 €/KG
101 KG-500 KG	7,50 €/KG

b) EXPLOTACIÓN DE PORCO CELTA

CANTIDADE DE PRODUCTO	PREZO (IVE incluído) (10%)
1 unidade de porco celta sacrificado	3,63 €/KG canal
1 unidade de porco celta vivo	4,20 €/KG animal vivo

Artigo 5. Devengo e ingreso

Os prezos públicos regulados no presente acordo regulador devengaranse no momento de solicitar o produto, e o pago en metálico realizarase á súa entrega.

Artigo 6. Impago do prezo público

As débedas por impago dos prezos públicos establecidos neste acordo regulador poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de apremio, conforme á normativa vixente.

Disposición final única

O presente acordo regulador entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

AUTOLIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS**Datos do suxeito pasivo (Declarante):**

Nome e apelidos/Razón social:

N.I.F./C.I.F.:

Enderezo:

Teléfono:

Representante/ Responsable da empresa:

N.I.F. do representante/responsable:

Liquidación, cota e cadro de tarifas:**PISCIFACTORÍA**

Número de kilogramos	Tarifa	Prezo	IVE (10%)	Prezo total

EXPLOTACIÓN DE PORCO CELTA

Número de unidades	Tarifa	Prezo	IVE (10%)	Prezo total

Ribeira de Piquín, a _____ de _____ de _____.

Asdo.: _____.

SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.

R. 4044

SOBER*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 21 de decembro de 2023, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes denovembro de 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 21 de decembro de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 4012

VIVEIRO*Anuncio*

Tendo en conta que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación en data 13 de decembro de 2023, se adoptou, entre outros, o acordo de aprobación provisional da rectificación anual do Inventario de Bens Municipais do Concello de Viveiro, correspondente á anualidade de 2023, coas rectificacións, segundo se recollen no plano elaborado polo arquitecto de obras e bens municipais do Concello de Viveiro, e que responden tanto a vicisitudes xurdidas sobre os bens ao longo da anualidade como á necesidade detectada de emenda de erros e regularización ao respecto dalgúns dos bens que figuran no actual inventario, polo que, se expón ao público a presente rectificación do Inventario, por un prazo de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente nas dependencias municipais e formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes. Se non se presentasen reclamacións e suxestións nese período entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional da rectificación anual do Inventario de Bens Municipais.

Viveiro, 21 de decembro de 2023.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 4013

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE***Anuncio*

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2023-1576 DO 21 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2024

BDNS(Identif.):734704

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/734704>)

Primeiro. Beneficiarios.

A. LIÑA DE AXUDA Á CONTRATACIÓN

1. Poderán solicitar unha subvención aoabeiro do PEM aquelas empresas con personalidade xurídica privada calquera que sexa a súa modalidade, autónomas, sociedades civís, unións temporais de empresas, comunidades de bens, fundacións e asociacións aínda carentes de personalidade xurídica, que desexen contratar a unha ou máis persoas que reúnan os requisitos antes referidos, sempre que o contrato sexa de

duración mínima inicial de seis meses. Ademais, no caso particular das UTEs, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Quedan excluídas en calquera caso, aquelas entidades, empresas ou autónomos prestadores de servizos ao Concello de Xove a través da modalidade contractual de xestión ou prestación de servizos recollidas na lexislación de contratos.

Igualmente quedan excluídas da posibilidade de ser beneficiarias destas axudas as administracións públicas, sociedades públicas ou calquera outro tipo de ente dependente, vinculado ou con participación de unha administración pública.

En ningún caso se subvencionarán contratacións que non teñan esta contratación mínima inicial, incluídos os contratos de substitución que non teñan data concreta de finalización que tampouco se subvencionarán en ningún caso.

B. LIÑA DE AXUDA AO AUTOEMPREGO

Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas persoas que estean empadroadas e con residencia efectiva no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude, requisito que se deberá manter durante toda a vixencia do expediente subvencionado que, de conformidade con estas bases e seguindo o procedemento establecido nas mesmas, creen o seu posto de traballo sempre que se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, ou creen unha sociedade. A tal efecto, polo órgano competente poderán recadarse cantos documentos, informes ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia no termo municipal, ben emitidos polos servizos municipais ou por calquera outro que proceda.

Quedan excluídas en calquera caso aquelas entidades, empresas ou autónomos prestadores de servizos ao Concello de Xove a través da modalidade contractual de xestión ou prestación de servizos recollidas na lexislación de contratos.

Segundo. Obxecto

Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas a conceder ao abeiro do Plan de Emprego Municipal para facilitar ás persoas de Xove a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía das axudas

A. LIÑA DE AXUDA Á CONTRATACIÓN.

1.- Establécese un período máximo, de tres anos, tanto para as contratacións indefinidas coma para as temporais, para efectuar libramentos ás empresas que realizen contratacións ao abeiro do PEM.

2.- As empresas que contraten persoal veciño de Xove ao abeiro do PEM, poderán acollerse a unha subvención por cada persoa contratada, segundo as modalidades existentes:

1.1.- Subvención a contratacións laborais indefinidas (incluídas as contratacións fixas discontinuas do mínimo de 9 meses de duración ao ano): no caso da contratación dun home, máximo de 5.400 para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.800 euros. No caso dunha muller, máximo de 6.300 para os tres primeiros anos e ata un máximo anual de 2.100 euros.

1.2.- Subvención a contratacións laborais temporais de seis meses: establécese unha subvención para contratación temporal (incluídos os contratos de formación en alternancia, de obtención de práctica profesional e de substitución de persoal con reserva de posto cunha duración mínima de 6 meses). Se a duración da contratación subvencionada é superior a 6 meses e cumpre a normativa do RD-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as cantidades máximas son as seguintes: no caso da contratación dun home, máximo de 3.000 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.000 euros. No caso dunha muller, máximo de 3.900 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.300 euros.

3.- Cando a duración da contratación sexa inferior a 12 meses e/ou á xornada a tempo completo establecida en cada caso, a contía da subvención correspondente calcularase de forma proporcional.

B. LIÑA DE AXUDA AO AUTOEMPREGO

Establécese un período máximo para efectuar libramentos de tres anos para as altas de autónomos ao abeiro do PEM.

As persoas beneficiarias deste plan poderánacollerse a unha subvención equivalente ao importe da súaSeguridade Social co límite máximo de 5.400 euros para os tres primeiros anos (límite máximo anual de 1.800 €) no caso dun home e 6.300 euros (límite máximo anual de 2.100 €) para unhamuller.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

A. LIÑA DE AXUDA Á CONTRATACIÓN

Que non despedisen á mesma persoa para posteriormente acollerseao PEM, aínda que sexa a través de empresas coa mesma persoa representante.

Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo non tivese contratada á mesma persoaacollidaao PEM para calquera das empresas do grupo nos últimos 24 meses.

Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e solicite novamente para a mesma persoa.

Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e substitúa a persoa subvencionada para solicitar unha nova contratación sen manter con carácter fixo, o posto de emprego anteriormente subvencionado.

Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo non tivese contratado á mesma persoa durante un periodo superior a tres anos en calquera das empresas do grupo.

Que esteaaocorrente do cumprimento das súasobrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e co Concello de Xove así como coa Seguridade Social. Este requisito poderá acreditarse no momento da solicitude mediante a presentación dunha declaración xurada que se facilitará ao efecto. Non obstante, no momento da xustificación previo o pagamento da axuda, deberán aportarse os correspondentes certificados emitidos polos órganos competentes, sempre e cando non se deaao Concello a autorización para extraer de oficio os ditos certificados.

Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibiciónssinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da LeiXeral de Subvencións, o que se acreditará mediante a sinaturadunha declaración xurada no modelo que se facilitará ao efecto

B. LIÑA DE AXUDA AO AUTOEMPREGO

Que no momento anterior á alta no Réxime Especial de Autónomos ououtro anteriormente referido estean anotados na OPE como demandantes de emprego.

Que teñanmáis de 16 anos.

Que non percibisen esta mesma subvención nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Achegarán declaración ao respecto.

Que non desenvolvesen como autónomas a mesma ou similar actividadena mesma localidade, nos 6 meses anteriores á data de inicio de actividade. Achegarán declaración ao respecto. Para estes efectos entenderase por mesma ou similar actividade a conincidenciaao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)

Que a actividade se dea de alta no IAE con enderezo no municipio de Xove. Non se subvencionará un cambio de enderezo dunhaactividadexa existente, soamente novas actividades.

Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibiciónssinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da LeiXeral de Subvencións, o que se acreditará mediante a sinaturadunha declaración xurada no modelo que se facilitará ao efecto

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2024.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixidanas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es.

Asímesmo, taménpoderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordoco previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XOVE, 21 de decembro de 2023.- O ALCALDE.- JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2022-1577 DO 21 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2024

BDNS (Identif.): 734717

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/734717>)

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán solicitar unha axuda de emerxencia social, para si ou para a unidade familiar, as persoas maiores de idade empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Xove cunha antelación de seis meses afeito causante da solicitude. Excepcionalmente, mediante informe social valorativo, poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas persoas empadroadas e con residencia en Xove que se atopen nunha situación de urxencia social, aínda cando non cumpran o período mínimo de empadramento establecido.

Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que a axuda se outorgue en beneficio da unidade.

A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos pais vivan independentes destes, e os fillos maiores de 18 anos cunha minusvalía superior ao 33% e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e todos os fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.

Segundo. Obxecto

1.- Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas de emerxencia social, consideradas tales como as prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a aquelas persoas cuxos recursos resultan insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de marxinación social.

2.- Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, constituíndo en todo caso, un apoio á intervención social que se xestione para a integración das persoas ou unidades afectadas.

3.- As axudas de emerxencia social terán en todo caso natureza finalista, debendo destinarse unicamente ao obxecto para o que foron concedidas.

4.- Terán carácter intransferible e polo tanto non poderán:

- a) Ofrecerse en garantía de obrigas
- b) Ser obxecto de cesión total ou parcial
- c) Ser obxecto de compensación ou desconto, salvo para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Tipos de axuda e contía

5.1.- Tipos de axudas

1.- Situacións derivadas da falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:

- a) Axudas paliativas de situacións de necesidade persoal tales como alimentación, roupa, vestido, axudas á escolarización, etc.
- b) Axudas dirixidas ao mantemento da vida no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplen nos programas de axuda a domicilio ou de educación familiar), tales como adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes, luz e auga corrente, creación de sanitarios, etc.

2.- Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non podan facer fronte por carencia de recursos:

a) Desafiuzamentos

b) Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda

c) Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urgente.

3.- Situacións especiais sobrevidas por causa do padecementodunhaenfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas oucalqueraoutranecesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non esteancubertasnasúatotalidade polo sistema público de saúde.

4.- Situacións que provoquen outendan a provocar a marxinación de persoas que as padecen (drogadición, alcoholismo, persoas sen teito...)

5.- En ningún caso se concederá unhaaxuda de emerxencia social para o pagamento de obrigas tributarias, débedas coa Seguridade Social, multas outaxasmunicipais así como gastos derivados de unhasentenzaxudicial.

6.- Para o caso particular de transeúntes, poderán concederse axudas en especie consistentes en vales de comida por importe máximo de 15 euros con un tope máximo de tres vales anuais.

Igualmente, para o caso particular de persoasdrogodependentes, poderán concederse axudas en especie consistentes no abono do billete de transporte para o traslado áUnidade Asistencial de Drogodependencia de Burela, condicionado á emisión de informe mensual de asistencia pola responsable da U.A.D.

5.2.- Contías

En todo caso, a determinación da contía económica concreta das axudasvirá dada polas disponibilidades presupostarias existentes.

As contías a conceder non superarán o orzamento de gastos presentado polo solicitante de acordo coa Base Sétima. Non obstante, terán os límites anuais que se especifican a continuación:

Alimentación, vestido e/ouenxoval doméstico: Tres meses consecutivos ou ben unha vez cada catro meses ao longo do ano.

Para as axudas de alimentación, según os membros da unidade económica de convivencia o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 ou 2 membros: Ata un tope máximo de 600 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 650 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 700 euros anuais.

U.E.C. de 5 ou máismembros: Ata un tope máximo de 800 euros anuais.

Para as axudas de roupa, calzado e/oumenaxe doméstico, según os membros da unidade económica de convivencia, o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 o 2 membros: Ata un tope máximo de 100 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 150 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 200 euros anuais.

U.E.C. de 5 o maismembros: Ata un tope máximo de 300 euros anuais.

Leite maternizada e/oupañais: Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 400 euros con informe médico xustificativo da necesidade da mesma.

Atención sanitaria: 3 meses consecutivos, ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano ata un tope máximo de 600 euros e con informe médico xustificativo de que o medicamento/tratamento, elemento protésico e/ouaxudas técnicas non se poida adquirir polo Sergas. No caso que sexa posible, a emerxencia social, cubrirá ata un máximo do 50% do custo.

Gastos de vivenda:

Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 200 euros no prazo máximo de 1 ano.

Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 euros no prazo máximo de 1 ano.

Impago de subministro da vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 150 euros no prazo máximo de 1 ano.

Actividades extraescolares:

Aquelas que se leven a cabo a través das ANPAS e outras entidades de carácter social e que teñan como obxectivo a integración: ata un máximo de 200 euros por unidade económica de convivencia por curso escolar.

Con carácter xeral, as axudastramitaranse para atender un só concepto, e só con carácter excepcional motivado mediante informe da traballadora social poderán especificarse varios conceptos, en cuxo caso o importe máximo da axuda será o que corresponda á suma de ambos conceptos, sen que en ningún caso podan superarse as contías máximas determinadas para a anualidade correspondente.

A contía máxima destinada ás presentes subvencións é de 7.000,00 € (partida 231.480 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal)

Quinto. Requisitos dos solicitantes

1.- Os interesados na obtención destas axudas deberán formular a súa solicitude no modelo establecido ao efecto, acompañando a seguinte documentación:

-D.N.I. do solicitante

-Libro de Familia, senteza de separación ou divorcio ou no seu caso, certificado de rexistro de parellas de feito expedido pola Comunidade Autónoma.

-Certificado de Empadramento

-Orzamento de Gastos para os que solicita a axuda (só naqueles casos que sexa posible)

-Certificación da conta bancaria á que se pode transferir, no seu caso, o importe da axuda

-Xustificantes de ingresos referidos a todos os membros da unidade económica de convivencia que serán os seguintes:

a) Declaración da renda correspondente ao último ano ou certificado de rendas expedido pola Delegación da Axencia Tributaria.

b) Nóminas actualizadas de todos membros da unidade económica de convivencia.

c) No caso de percibir una pensión de xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberá presentarse xustificantes do Organismo correspondente.

d) No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, certificado ou xustificante respecto do organismo dende onde se conceda, no seu defecto achegar certificación negativa.

e) Calquera outro documento que acredite a carencia ou o nivel de ingresos da persoa ou da unidade familiar.

En caso de insuficiente xustificación documental da situación económica por resultar imposible dispor dela, requirirase ao solicitante que aporte unha declaración responsable na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de rentas familiares.

-Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario, no modelo que se facilitará ao efecto (artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)

-Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade ou que teñan o carácter de axuda de emerxencia social.

-Para o caso particular e excepcional dos transeúntes a única documentación que deberán aportar será una fotocopia do N.I.F. ou calquera outra documentación que acredite a súa identidade.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2024.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es, ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Así mesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XOVE, 21 de decembro de 2023.- O ALCALDE.- JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 4028